



## PRESENTACIÓN DO LIBRO

# GALEGOCALANTES E GALEGOFALANTES

## de CARLOS CALLÓN

VENRES, 1 DE DECEMBRO DE 2017, 20:30 HORAS  
CASA DA CULTURA de Vilalba

**PRESENTACIÓN DO LIBRO**  
**Galegocalantes e galegofalantes**  
de **Carlos Callón**

Intervenien  
**CARLOS CALLÓN**  
autor do libro  
**MARISA BARREIRO**  
presidenta do Iescha  
**VENRES, 1 DE DECEMBRO DE 2017 - 20:30 h.**  
Casa da Cultura de Vilalba

IESCHA  
XERAIIS  
crónica  
LINGUA  
Ayuntamiento de Vilalba

O Instituto de Estudos Chairegos organiza a presentación do libro “Galegocalantes e galegofalantes” de Carlos Callón, o venres, día 1 de decembro de 2017, ás 20:30 horas, na Casa da Cultura de Vilalba. No acto, intervirán o propio autor do libro, Carlos Callón e a presidenta do Iescha, Marisa Barreiro.

*Tócanos definir se imos permitir que destrúan o idioma propio do país ou se, polo contrario, imos ser a xeración que soubo facerlle fronte a esta lexión de enterradores», di Carlos Callón en “Galegocalantes e galegofalantes”, un libro-testemuño sobre o que lle ten acontecido á lingua galega desde que o PP retomou o poder autonómico en 2009. Nas súas páxinas analízanse as causas dos retrocesos e do inédito movemento social de resposta xurdido nese ano. Ademais, fornécense argumentos para continuar na defensa do idioma e anímase a que as persoas galegocalantes dean o paso a se transformaren en galegofalantes. É, pois, un libro que dá azos, razóns, forza e determinación. Galegofalantes, activémonos! Galegocalantes, unídevos!*

<https://www.xerais.gal/libro.php?id=4674811>

Carlos Callón resalta que cos datos actuais “o mérito do galego é estar vivo” e anima as persoas galegofalantes a defender a nosa lingua ao tempo que convida as non falantes a se uniren a esta loita. Aínda así, o autor móstrase esperanzado cando comenta que “Esta obra pretende activar o debate social sobre a lingua galega dende unha perspectiva optimista”.

O libro que se presenta o venres constitúe a última parte da triloxía ensaística que comezou Callón con “En castellano no hay problema” e “Como defender os teus dereitos lingüísticos”. Outra obra salientábel do autor é “Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez”.

<http://www.semosgaliza.gal/articulo/lingua/estes-datos-afirma-callon-merito-estar-vivo/20170417184323056656.html>